

Requirimento de documentación

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS ABERTAS), PROMOVIDAS POR GRANDES EMPRESAS GALEGAS

Mediante Resolución do 22 de xullo de 2022 (DOG nº 151, do 9 de agosto), publicáronse as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (programa infraestruturas estratéxicas abertas), promovidas por grandes empresas galegas, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2022 en réxime de concorrencia competitiva.

Por parte do órgano instrutor do procedemento administrativo previsto no art. 11 das ditas bases reguladoras, están analizándose as solicitudes presentadas polos solicitantes que se acolleron a esta convocatoria de axudas. Nunha primeira fase de revisión identificáronse varios expedientes que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras, polo que resulta procedente efectuar os oportunos requirimentos de emenda.

O artigo 12.2 das bases reguladoras dispón que de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este requirimento de emenda realizarase preferentemente mediante publicación na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>.

En virtude do anterior, dáselle publicidade á relación de solicitantes cuxos expedientes deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo I.

Teñen un prazo de **10 días naturais** para acceder á Oficina Virtual do Igape (<https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>), utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e acceder ao requirimento individualizado de emenda. Entenderase rexeitado cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición do requirimento sen que acceda ao seu contido.

Establécese un prazo de **10 días hábiles** para achegar, por medios electrónicos, a documentación sinalada, contados a partir do día seguinte ao acceso ao requirimento individualizado, ou desde que se entenda rexeitado polo transcurso de 10 días naturais desde a súa posta a disposición sen que accedera ao seu contido.

No suposto de que non atendan o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, teráselles por desistidos na súa petición aos solicitantes e arquivaranse os expedientes, trala correspondente resolución que se ditará nos termos previstos no artigo 21 da devandita Lei 39/2015.

Sinatura:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
Dirección da Área de Competitividade do Igape	Norberto Penedo Rey	Santiago de Compostela	A indicada na sinatura

ANEXO I**Solicitudes de axuda suxeitas a emenda de documentación e datas e horas da sesión de defensa do proxecto**

Núm. expediente	Titular do expediente	NIF	Data e hora da sesión de defensa do proxecto
IG274.2022.1.1	Horizon Galicia 2022, Sociedad Limitada	B10969517	IG274.2022.1.1
IG274.2022.1.2	Real Club Celta Vigo, Sad	A36609105	IG274.2022.1.2